

Campaña 2025 de vacunación fronte á gripe e á Covid-19

Tempo estimado de lectura: 4 min 30 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



O pasado día 29 de setembro de 2025 deu comezo a campaña de vacunación anual fronte á gripe en Galicia, que se desenvolverá ata o 31 de decembro deste ano. Nesta edición, os centros de saúde de atención primaria constitúen o eixo central da campaña 2025/26, actuando como principais puntos de administración das vacinas fronte á gripe e á COVID-19.

Tal como noutras campañas, a vacunación foi secuencial iniciándose nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade, onde os equipos de atención primaria se desprazaron para realizar a vacunación in situ, achegando así a inmunización ás persoas residentes e aos traballadores.

Mediante SMS están sendo citadas proactivamente as persoas de 60 anos ou máis, así como os nenos e nenas de entre seis meses e 11 anos, para vacinarse fronte á gripe, e as persoas de 70 anos ou máis para vacinarse fronte á COVID-19. Estas persoas son vacinadas nos seus centros de atención primaria, co obxectivo de consolidar o modelo de vacunación de proximidade e facilitar o acceso da poboación ás vacinas.

Como novidade, levouse a cabo o programa piloto de vacunación infantil fronte á gripe, desenvolvido en 55 centros escolares, no que participaron nenos e nenas de entre 3 e 11 anos, que recibiron a vacina intranasal, favorecendo así unha maior aceptación da vacunación nesta franxa de idade.

A vacina antigripal trivalente de “alta carga” foi introducida para persoas de 70 a 79 anos (antes reservada a persoas de 80 anos ou máis).

A vacunación antigripal está tamén dirixida ás persoas de 60 anos ou máis, mulleres embarazadas, persoas fumadoras e profesionais sanitarios e sociosanitarios, entre outros grupos de risco.

Un dos principais obxectivos é acadar unha cobertura vacinal do persoal sanitario e sociosanitario de polo menos un 75%, reforzando a protección deste colectivo esencial.

CRONOGRAMA DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE E/OU COVID-19	
A partir do 29 de setembro	• Persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade e traballadores/as destas institucións.
A partir do 13 de outubro	• Programa piloto en escolas en nenos e nenas de 24 meses aos 11 anos. • Nenos e nenas de 6 meses a 11 anos en atención primaria (citación proactiva) e aqueles pertencentes a grupos de risco. • Persoas inmobilizadas de calquera idade e coidador/a principal.
A partir do 20 de outubro	• Persoas de 70 e máis anos (citación proactiva). • Persoas en situación de inmunosupresión. • Persoal dos centros sanitarios do Sergas e centros sanitarios privados. • Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.
A partir do 3 de novembro	• Mulleres durante o embarazo ou o puerperio (autocita). • Persoas menores de 70 anos con patoloxías de risco (autocita).
A partir do 10 de novembro	• Persoas de 60 e máis anos (citación proactiva). • Persoal de servizos esenciais. • Persoal de exposición laboral.
A partir do 1 de decembro	• Conviventes de persoas de risco. • Resto da poboación diana.

Obxetivos específicos (vacinación antigripal)

- Acadar unha cobertura na poboación de 60 ou máis anos igual ou superior ao 75%.
- Acadar unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde e traballadores sociosanitarios superior ao 75%.
- Acadar unha cobertura vacinal nas mulleres embarazadas superior ao 60%.
- Acadar unha cobertura vacinal nos nenos e nenas de entre 6 meses e 11 anos de idade do 60%

Indicacións para vacinación antigripal e covid

A vacinación conxunta fronte a gripe e a covid está indicada nos seguintes grupos:

- Persoas de 70 e máis anos
- Persoas de 12 anos ou máis residentes en institucións pechadas (tales como residencias de maiores, centros de discapacidade, etc.)
- Embarazadas en calquera trimestre da xestación

- Persoas de 12 a 69 anos de idade con condicións de risco

- Conviventes con persoas de alto risco

Considéranse grupos de risco os seguintes:

DM, síndrome de Cushing. Obesidade mórbida (IMC $\geq$ 40 en adultos, $\geq$ 35 en adolescentes ou $\geq$ DS na infancia). Enfermidades crónicas cardiovasculares, neurolóxicas ou respiratorias, incluíndo a displasia broncopulmonar, fibrose quística e asma. Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica. Hemoglobopatías e anemias ou hemofilia, outros trastornos da coagulación e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemoderivados e transfusións múltiples. Asplenia ou disfunción esplénica grave. Enfermidade hepática crónica, incluíndo alcoholismo crónico. Enfermidades neuromusculares graves. Inmunosupresión (incluíndo as inmunodeficiencias primarias e a orixinada pola infección por VIH, por fármacos, así como os receptores de transplantes e déficit do complemento). Cancro e hemopatías malignas. Fístula de líquido cefalorraquídeo e implante coclear ou en espera del. Trastornos e enfermidades que supoñan disfunción cognitiva: síndrome de Down, demencias e outras.

Indicacións para vacinación antigripal

- Poboación infantil de entre 6 meses e 11 anos

- Poboación adulta de 60 a 69 anos

- Persoas con risco de presentar complicacións:
 - Enfermidade celíaca
 - Enfermidade inflamatoria crónica

- Tratamento prolongado con AAS

- Fumadores activos

- Mulleres durante o puerperio (ata os 6 meses postparto e que non se vacinaran durante o embarazo)

- Estudantes en prácticas de centros sociosanitarios

- Persoal educativo dos cursos de nenas e nenos de 11 ou menos anos

- Persoal con exposición laboral directa en explotacións porcinas, avícolas, granxas de visóns ou fauna silvestre

- Gandeiros, veterinarios, traballadores en granxas, cazadores, ornitólogos, axentes medio ambiente, zoolóxicos

Enfermidade	Nome comercial	Idade	Laboratorio	Características
Gripe	Efluelda®	≥70 anos na poboación xeral e ≥60 anos institucionalizados en residencias de maiores. Persoas ≥60 anos en situación de inmunosupresión.	Sanofi-Aventis	Alta carga, Trivalente
	Vaxigrip®	6 a 23 meses. 24 meses a 11 anos de idade se hai contraindicación de Fluenz®. 12 a 69 anos.	Sanofi-Aventis	Trivalente
	Fluenz® suspensión para pulverización nasal	24 meses a 11 anos de idade.	AstraZeneca	Trivalente
Covid-19	Comirnaty® LP.8.1 30 microgramos	Persoas de 70 e máis anos, e de 12 a 69 anos con condicións de risco.	Pfizer-BioNTech	ARNm, monovalente LP.8.1
	Bimervax LP. 8.1	Persoas institucionalizadas (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade).	Hipra	Proteína recombinante LP 8.1
	Comirnaty® LP.8.1 10 microgramos	Nenos/as de 5 a 11 anos con condicións de risco.	Pfizer-BioNTech	ARNm, monovalente LP.8.1
	Comirnaty® LP.8.1 3 microgramos	Nenos/as de 6 a 59 meses con condicións de risco.	Pfizer-BioNTech	ARNm, monovalente LP.8.1

